

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E O "CLUB ATLETISMO LUCUS" CO OBXECTO DE COLABORAR NOS GASTOS DERIVADOS DO EVENTO "SALTAR NA RÚA" ANO 2022.

En Lugo, outubro de 2022

REUNIDOS

Dunha banda **D. Mauricio Repetto Morbán**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, con enderezo en Lugo, Praza Maior, nº 1 e CIF P2702800J, en virtude da súa condición de Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes (Área de Cohesión e Dinamización Social).

E doutra banda **D. Manuel Ignacio Castro Gil Iglesias**, con NIF 33857444H , actuando en nome e representación do Club Atletismo Lucus, con CIF G27033836, na súa calidade de Presidente, con enderezo a efectos deste Convenio en Lugo, Avenida Filarmónica Lucense nº 3.

Ambas as dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que teñen conferidas para convenir en nome e representación das institucións que representan

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que o Concello de Lugo ten entre as súas competencias impulsar o deporte e os valores que este transmite, así como a promoción do municipio de Lugo e a súa dinamización na cidade.

Conforme ao artigo 50.1 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público (LRXSP), as Administracións Públicas, os seus organismos autónomos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado.

Conforme ao Artigo 1º dos Estatutos do Club Atletismo Lucus, ratificados e inscritos co nº C-00445 no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, de conformidade e sendo a súa aplicación disposto na Lei 3/2012, de 2 abril, do deporte de Galicia, o Club Atletismo Lucus é unha asociación privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con enderezo na comunidade Autónoma de Galicia, que ten como obxecto primordial o fomento da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario.

SECCIÓN DE DEPORTES

MRM/ftc

Refª: convenio evento saltar na rúa.1

Asunto: Convenio de colaboración Club Atletismo Lucus "Saltar na Rúa" ano 2022.

SEGUNDO.-

Que o Concello de Lugo, en exercicio das súas competencias ten vontade de promover este convenio en virtude do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, artigo 25.1: "O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo".

Así mesmo, o apartado 2 de este mesmo artigo establece que "O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) I) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (...)".

TERCEIRO.-

Que ambas as partes coinciden na necesidade de axuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, cren conveniente, por medio deste documento, establecer a coordinación e colaboración respecto ao evento "**II SALTAR NA RÚA**" ANO 2022.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto de este convenio é a colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e o Club Atletismo Lucus para a celebración do evento "**II SALTAR NA RÚA**" ANO 2022.

O evento "II Saltar na Rúa", é unha actividade deportiva programada dentro do programa das festas do San Froilán 2022. No ano 2021 celebrouse a primeira edición desta cita deportiva que espertou un gran interese entre a cidadanía lucense, contribuíndo á difusión e popularización deste deporte na cidade de Lugo,

É destacable, así mesmo, a participación de numerosos clubs e atletas de Galicia e de outras comunidades autónomas que dan un maior realce o evento.

A data prevista para a súa realización é o 8 de outubro de 2022. O horario do evento será dende as 17:00 as 19.30 horas na Rúa Quiroga Ballesteros, no casco histórico da cidade de Lugo. A importancia da ubicación, fai que a promoción

deportiva e vistosidade do mesmo garantice unha ampla asistencia de público en xeral.

O evento realízase nunha pista de caucho cun foso de saltos e unha colchoneta de pértiga, con participación de atletas de categoría absoluta, tanto feminino coma masculino. O número aproximado de participantes sitúase en 26 pertecentes a clubs de Galicia e España.

Todo o evento deportivo estará suxeito ao regulamento técnico do mesmo e supletoriamente polos regulamentos superiores.

O Concello de Lugo intégrase como colaborador do devandito evento para unha mellora na eficiencia da xestión pública e a oferta deportiva municipal, polo impulso do deporte e os valores que este transmite, perseguindo un fin común de interese xeral e baixo o interese público que ostenta unha actividade de estas características, así como a promoción do municipio de Lugo.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS A REALIZAR POR CADA UNHA DAS PARTES ASINANTES DO CONVENIO.

2.1.- O Club Atletismo Lucus comprométese, **como organizador** do "II SALTAR NA RÚA", a atender, en xeral, todas as necesidades para o desenrolo do evento nos días anteriores, durante o mesmo e relacionadas coa finalización do mesmo.

En concreto, farase cargo dos seguintes servicios e/ou suministros:

1.- Co fin de dar maior realce ao evento o Club Atletismo Lucus levará a cabo as xestións necesarias para garantir a presenza e participación de atletas, con recoñecida traxectoria deportiva autonómica e nacional nas modalidades deportivas de salto.

2.- De aportar o persoal necesario para o traslado, montaxe e desmontaxe de todo o material necesario do evento.

3.- Dado que o evento vaise celebrar na rúa e ao non dispoñer, na mesma, dos medios necesarios para levalo a cabo, o Club Atletismo Lucus aportará o material para a zona de saltos coas seguintes características:

- Unha pista de caucho de 35 mts de lonxitude, ancho de 1,25 mts e espesor de 4 mm. - Ancho da pista 1,25 mts.

- Un corredor de taboleiros de madeira de 2,5X5 mts.

- Un foso de madeira para a zona de caída nos saltos de lonxitude e triplo salto (medidas aproximadas 2,5X5 mts).

SECCIÓN DE DEPORTES

MRM/ftc

Refª: convenio evento saltar na rúa.1

Asunto: Convenio de colaboración Club Atletismo Lucus "Saltar na Rúa" ano 2022.

- Un caixón de madeira para o salto con pértega.

3.- Montaxe e desmontaxe da zona deportiva do evento.

4.- Informar aos participantes do desenrolo do evento.

6.- Publicidade e difusión do evento.

7.- Un seguro de responsabilidade civil e seguro do evento.

8.- Unha carpa para vestiario dos participantes no evento

O Club Atletismo Lucus comprométese así mesmo en que a colaboración do Concello de Lugo constará de forma expresa, pública e permanente na organización do evento, e co logotipo do Concello de Lugo na publicidade do evento, estática, dixital e calquera outra.

2.2.- O Concello de Lugo, como colaborador do "II SALTAR NA RÚA" ANO 2022 , comprométese a:

1.- O pago de retribucións total os atletas participantes no evento, logo da expedición do correspondente documento/recibo ou factura con identificación dos datos fiscais de cada deportista será de 2.700 € Lugo a identificación dos deportistas participantes.

2.- Asumirá as obrigas de carácter económico ata un importe máximo de 1.400,00 € derivadas das indemnizacións ao persoal que voluntariamente colabore na realización do evento (vixancia, montaxe, desmontaxe e todas aquelas tarefas propias para o desenrolo do evento), polos gastos básicos que ocasione a actividade a desenvolver nas datas sinaladas no presente convenio, sendo facilitada polo Clube Atletismo Lucus ao Excmo. Concello de Lugo a identificación do mencionado persoal. O pago de retribucións total os voluntarios participantes no evento, logo da expedición do correspondente documento/recibo ou factura con identificación dos datos fiscais de cada persoa.

2.- Colaborar cos vehículos municipais necesarios para traslado de materiais dende o Estadio de Atletismo Gregorio Pérez Rivera para o montaxe do evento e traslado ó final, do mesmo, ata a mesma instalación deportiva.

3.- Aportar 30 cadeiras propiedade do Concello de Lugo para uso dos deportistas.

4.- Aportar a través da empresa que o Concello de Lugo ten contratada para mantemento de instalacións deportivas o seguinte material:

- 30 vallas para perimetrar a zona deportiva do evento.
- 4 sacas de area tipo "sampayo" 0/2" para o enchido do foso de saltos.
- 80 palets tipo "americano" de 1000X1200 mts para colocar baixo a pista de caucho.

5.- Aportar un equipo de sonido dende as 16.00 ata as 20.00 horas.

6.- Aportar 28 medallas para premiación da participación dos atletas.

7.- Estabrecer un punto de suministro eléctrico para o equipo de sonido por parte do servizo Electromecánico do Concelo de Lugo.

TERCEIRO.- OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

Non existe contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio.

As partes asinantes comprométense a financiar os gastos asumidos durante a vixencia do convenio.

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimativo do "II SALTAR NA RÚA" ANO 2022 é de **7.920,72 €**, desglosado nas seguintes partidas:

ACHEGAS DO CONCELLO DE LUGO	
1ª) 30 vallas para perímetro da zona deportiva	300,00 €
2ª) 4 sacas de area tipo "sampayo" 0/2" para o enchido do foso de saltos.idem	200,00 €
3ª) 80 palets tipo "americano" de 1000X1200 mts para colocar baixo a pista de caucho idem	200,00 €
4ª) Un equipo de sonido dende as 16.00 ata as 20.00 horas	363,00 €
5ª) 28 medallas para a premiación da participación dos atletas pliego	45,73 €
6ª) Retribucións atletas participantes no evento "Salto na rúa 2022" cuxa identificación será facilitada polo Club de Atletismo Lucus	2.700,00€
7ª) Indemnizacións ao persoal voluntario que colabore na montaxe e desmontaxe das instalacións necesarias para o desenvolvemento do evento, cuxa identificación será	1.400,00 €

SECCIÓN DE DEPORTES

MRM/ftc

Refª: convenio evento saltar na rúa.1

Asunto: Convenio de colaboración Club Atletismo Lucus "Saltar na Rúa" ano 2022.

facilitada polo Club de Atletismo Lucus	
ACHEGAS DO CLUB ATLETISMO LUCUS	
Unha pista de caucho de 35X1.25 mts	656,60 €
Corredor de taboleiros de madeira, foso de saltos e caixón de madeira	855,39 €
Unha carpa para vestiario dos participantes	1.200,00 €
TOTAL ORZAMENTO 7.920,72 €	

NOTA:

- As obrigas recollidas nos apartados 1º), 2º) e 3º) non precisan nova consignación orzamentaria ao ser asumidas con cargo ao **CONTRATO PARA O SERVIZO DE MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS**, adxudicado á mercantil REPASEGUR GALICIA, S.L.

- As obrigas recollidas no apartado 4º) relativo ao aluguer do equipo de sonido será tramitado a través da plataforma de licitación de contratos menores do Concello de Lugo, con cargo á aplicación orzamentaria 24100.20300 do vixente Orzamento Xeral.

- As obrigas recollidas no apartado 5º) non precisan de nova consignación orzamentaria ao ser asumidas con cargo ao **CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE MEDALLAS E TROFEOS PARA A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE LUGO**, adxudicado á mercantil ARTESANOS DEL CRISTAL, S.L.

- As obrigas recollidas no apartado 6º) relativo ás retribucións dos atletas participantes no evento "Salto na Rúa 2022", así como as obrigas recollidas nos apartados 7º) relativo ás indemnizacións ao persoal voluntario que colabore na montaxe e desmontaxe das instalacións necesarias para o desenvolvemento do evento, serán asumidas con cargo á aplicación orzamentaria 24100.22699 do vixente Orzamento Xeral.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Non hai contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio.

SEXTA.- DURACIÓN

Dado que o alcance do presente convenio é en exclusiva a realización do **"II SALTAR NA RÚA" ANO 2022**, o convenio extinguirase tras a clausura do evento acto, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do

evento, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, ter en conta que o alcance do presente convenio é en exclusiva a realización do **"II SALTAR NA RÚA" ANO 2022**.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante adenda ao mesmo.

OITAVA.- EXTINCIÓN E EFECTOS

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da LRXSP e pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52.2 da LRXSP.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presenta convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o responsable/persoal adscrito á Área de Deportes.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP. Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento deste convenio.
- Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presenta convenio.

SECCIÓN DE DEPORTES

MRM/ftc

Refª: convenio evento saltar na rúa.1

Asunto: Convenio de colaboración Club Atletismo Lucus "Saltar na Rúa" ano 2022.

- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

DÉCIMA.- SISTEMAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, incorporaranse os "logotipos" institucionais do Concello de Lugo.

As entidades autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto de este convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CARÁCTER DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como pola LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdicción contencioso-administrativa.

O presente convenio non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

Realizar a oportuna publicación no rexistro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Lugo, outubro de 2022

O Concelleiro Delegado
de Xuventude e Deportes

O Representante do Club Atletismo Lucus

Asdo: Don Mauricio Repetto Morbán Asdo.:Don Manuel Ignacio Castro Gil Iglesias